

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026716	IES Plurilingüe Adormideras	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Fundamentos artísticos	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

Alumnos e docentes do IES Plurilingüe Adormideras sentímonos moi afortunados por desenvolver a nosa actividade, docente ou discente, nun instituto coa modalidade de Artes. A maioría do noso alumnado forma parte do Bacharelato artístico, do que temos nove grupos. Polo tanto, esta porcentaxe significa máis da metade dun centro con máis de 600 alumnos. Por este motivo, o ambiente no noso instituto é moi diferente ó de outros centros, especialmente no referido á convivencia. É un centro de Secundaria no que hai moi poucos problemas de disrupción e precisamente a razón é o feito de contar con tantos alumnos con mentalidade sensible, creativa e aberta na súa estética, na súa identidade sexual, no seu pensamento diverxente e no seu respecto cara os demais. Crean unha atmosfera da que se contaxia todo o resto do alumnado e por que non, tamén ó profesorado.

Son alumnos que veñen de todos os puntos da cidade e doutros concellos. Algúns percorren cada día máis de trinta kilómetros para estudar con nós, con moitas dificultades no transporte. En xeral, están moi contentos porque aquí atopan moitos alumnos similares a eles con inquietudes parecidas, algo que na maioría dos casos non sucedera antes. Moitos relatan casos de bullying nos seus centros de procedencia e manifestan o contentos que están de estudar en Adormideras.

A maioría deste alumnado vai seguir estudando graos ou módulos relacionados coas Artes, desde as múltiples ramas do Deseño, a Ilustración, Belas artes, Arquitectura, Publicidade... polo tanto é para eles moi importante cursar materias da modalidade artística e non optativas alleas a este campo. É certo tamén que hai unha porcentaxe alta de alumnado que ven a Artes fuxindo de outras modalidades pero tampouco son alumnos con dotes para isto polo que entón poderían cursar calquera asignatura.

En canto a materia que nos ocupa, Fundamentos artísticos, gustárame resaltar a súa importancia para alumnos que van vivir da súa creatividade. É unha asignatura que nos da unha idea xeral da historia da arte desde un punto de vista filosófico e reflexivo e axuda ó alumnado a coñecer as tendencias, as ideas, as influencias, os contextos, as técnicas ou as intencións dos artistas de todos os tempos. É unha fonte inagotable de inspiración e tamén temos que coñecer o que xa está xa feito para desenvolvelo e non caer no simple plaxio. Tamén contribúe ó deleite do consumo de obras de arte en exposicións e museos desde o punto de vista do coñecemento, qué é moi satisfactorio. Eu recomendo esta materia a todo o alumnado que estea seguro de que o seu futuro vai estar relacionado coa Arte, sexa cal sexa o camiño.

A casuística da arte radica na súa propia concepción, que deu lugar a que tanto, a súa definición como a súa función, fosen cambiando ó longo da historia e presenten diferenzas dependendo da cultura e o contexto xeográfico desde os que se consideren. En consecuencia, a aproximación a arte resulta complexa e dinámica, e en esta relatividade residen tanto a dificultade do seu estudo, como o atractivo e a riqueza da súa percepción e apreciación. Os diferentes enfoques e puntos de vista neste senso apuntan cara procesos metodolóxicos e de coñecemento que, lonxe de ser subxectivos, son perfectamente obxectivos e susceptibles de ser aprehendidos e aplicados.

A través da materia de Fundamentos Artísticos, o alumnado analiza diferentes obras de diversas disciplinas artísticas, con variadas formas e técnicas, identificándoas, ubicándoas cronolóxicamente e espacialmente, e vinculando ese proceso coa idea de creación artística. A visión das distintas propostas artísticas entendidas desde os seus aspectos básicos permite ó alumnado construír un discurso argumentado e, nun estadio posterior, interpretar as creacións artísticas, ampliando os recursos propios e enriquecendo o seu repertorio. Todo isto, ademais, favorece que o alumnado desenvolva unha conciencia sensible cara o patrimonio cultural e artístico, propio e alleo. Mención aparte merecen o descubrimento e a visibilización de obras e artistas que, por diversos motivos, foron excluídos do relato da historia da arte tradicional. Neste senso, é indispensable abordar a análise dos diferentes contextos históricos, sociais e xeográficos de creación desde unha perspectiva de xénero que permita que o alumnado entenda cal foi e cal o papel da muller na arte. A obra de moitas artistas mulleres foi moi significativa no seu momento e porén a súa transcendencia non chegou ós nosos días. Así mesmo, realizar o estudo das distintas obras tamén desde unha perspectiva intercultural, incluíndo o patrimonio e as manifestacións artísticas galegas, axudará a que alumnas e alumnos podan desenvolver unha actitude respectuosa coa diversidade e comprometida coa igualdade e a cohesión social.

A análise comparada entre obras de distintas épocas e culturas permite realizar conexións significativas entre movementos, o que ofrece a oportunidade de enriquecer a interpretación das producións artísticas, favorecendo así unha visión menos compartimentada da arte. Esta percepción diacrónica e intercultural do patrimonio artístico contribúe a que o alumnado poda opinar sen prexuízos, de maneira argumentada, aberta e plural sobre as creacións artísticas de calquera cultura, época e estilo.

Por outra banda, as aprendizaxes derivadas da análise e a apreciación estética das distintas obras van ligados á comprensión dos procesos de creación e produción artística. Deste modo, o alumnado pode poñer en práctica ditas

aprendizaxes nos proxectos artísticos que leve a cabo a partir de outras materias desta modalidade, ademais de sentar as bases que lle permitirán afrontar unha formación artística superior ou participar en proxectos profesionais vencellados á arte.

A materia de Fundamentos Artísticos está estruturada en torno a tres eixos: por un lado, a análise de producións artísticas ó longo da historia e a identificación dos seus elementos constituíntes e as claves das súas linguaxes; todo isto asociado á época ou corrente estética na que as obras foron creadas. Por outro, o coñecemento das metodoloxías, as ferramentas e os procedementos de busca, rexistro, análise, estudo e, presentación de información, privilexiando o uso de recursos dixitais. Por último, a adquisición dunha conciencia sensible e de respecto e disfrute cara o patrimonio artístico e a cultura visual.

Os obxectivos da materia, en coherencia con ditos eixo, desenvolvéronse a partir das competencias clave e os contidos establecidos para a etapa de bacharelato, en especial, dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, ó que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a sustentabilidade medioambiental, a interculturalidade ou a creatividade. Os obxectivos combinan os aspectos relacionados coa evolución do concepto de arte e as súas funcións ó longo da historia coas estratexias e métodos de análise das diferentes obras e os seus contextos. Todo isto, ademais do estudio das creacións artísticas e a súa comparación con outras obras de distintas épocas e culturas, permite ó alumnado non só enriquecer o seu repertorio, senón tamén adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para desenvolver unha interpretación propia da arte, aumentando deste xeito a súa sensibilidade e o seu sentido crítico. Así mesmo, permitiranlle aprender a elaborar proxectos artísticos propios, xa sexan individuais ou colectivos, de xeito que poda dar forma as súas ideas e aprenda a afrontar novos retos artísticos.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente de ditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grado de consecución por parte do alumnado.

En canto ós bloques de criterios de avaliación e contidos da materia de Fundamentos Artísticos de 2º de bacharelato, o primeiro bloque, «Os fundamentos da arte», introduce o concepto de arte, así como as diferentes ferramentas que se utilizan para a súa análise. O segundo, «Visión, realidade e representación», inclúe as distintas formas de representación da realidade a través de diferentes movementos artísticos, desde a arte primitiva ata a abstracción. O terceiro bloque, «A arte clásica e as súas proxeccións», recolle a tradición grecorromana, incorporando diferentes obras pictóricas, escultóricas e arquitectónicas. O cuarto bloque, «Arte e expresión», achégase a algúns movementos artísticos que destacan pola súa vertente expresiva. O quinto bloque, «Natureza, sociedade e comunicación na arte» recolle, por un lado, as influencias da natureza na arte e, polo outro, a importancia da arte na sociedade e na comunicación. Por último, o bloque de «Metodoloxías e estratexias» engloba as metodoloxías de estudo e análise da arte desde distintas perspectivas, así como os criterios de avaliación e os contidos relacionados co traballo en equipo e as fases dos proxectos artísticos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os cambios na concepción da arte, analizando as semellanzas e as diferenzas entre distintos períodos históricos ou contextos culturais, para explicar o enriquecemento que supón a diversidade.	1				40	1		1-2
OBX2 - Reflexionar sobre as funcións da arte ao longo da historia, analizando a evolución do seu papel en cada período, para apreciar as súas singularidades e poñer en valor o patrimonio cultural e artístico de calquera época.	1				40	1-3		1-2
OBX3 - Analizar formal, funcional e semanticamente producións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo os seus elementos constituíntes e as claves das súas linguaxes usando vocabulario específico, para desenvolver o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.	2			1	12-40	1		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Explicar obras artísticas realizadas en distintos medios e soportes, de calquera estilo ou período, identificando o contexto social, xeográfico e histórico no que se crearon, así como as súas posibles influencias e proxeccións, para valoralas como testemuños dunha época e unha cultura, e como elementos do propio patrimonio.	1-2			1	40	1		1-2
OBX5 - Comprender o poder comunicativo da arte, identificando e recoñecendo o reflexo das experiencias vitais en diferentes producións, para valorar a expresión artística como ferramenta potenciadora da creatividade, a imaxinación, a autoestima e o crecemento persoal.	1				11-12-31	1		2-31
OBX6 - Interpretar diversas creacións artísticas a partir do estudo da súa forma, o seu significado, o seu contexto de creación e a súa recepción, para desenvolver a sensibilidade e o sentido crítico e para apreciar a diversidade de percepcións e opinións ante as producións artísticas.	1		4		40	1-3		1-2
OBX7 - Elaborar con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, investigando estilos, técnicas e linguaxes multidisciplinares e seleccionando e aplicando os máis adecuados, para dar forma ás ideas e obxectivos expostos e para aprender a afrontar novos retos artísticos.		1	3	3	31-32	3	2-3	41-42

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A ilusión da realidade.	Os primeiros intentos figurativos, o realismo e o hiperrealismo.	17	17	X	X	X
2	La representación do coñecemento. A arte clásica e as súas proxeccións.	Arte grega e romana. Arquitectura medieval e arte do Renacemento. Do Neoclasicismo á pintura metafísica.	15	17		X	X
3	Paisaxes interiores. A catarse do sentimento, da cor e da espiritualidade.	A exaltación barroca, o Simbolismo, o Romanticismo, o Expresionismo alemán, o fauvismo, o expresionismo abstracto e figurativo do século XX e a arte intermedia de Fluxus.	15	18	X	X	
4	Cabeza mecánica, o espírito do noso tempo. A antesala das	Arte impresionista, postimpresionista, cubista, surrealista, constructivista e a nova	15	18	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	vanguardas e a posterior reacción destas.	visión da escultura moderna. Arte galega do último século.	15	18	X	X	
5	Novo século, novas concepcións espaciais.	O modernismo, a arquitectura orgánica, o Art Decó e o Movemento Moderno.	14	17		X	
6	Tantas realidades como puntos de vista. A arte transforma a sociedade. Espazos naturais e urbanos.	Arte funcional, A Bauhaus e o Laboratorio de formas: Sargadelos O cartelismo e a pop art. A videoarte, arte nas redes e arte dixital. O land art, a arte povera, intervencións artísticas e urbanas.	14	18		X	
7	Debuxando os soños no papel.	Distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos. Criterios de selección. Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos. Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.	10	11	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A ilusión da realidade.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos clave dun movemento artístico.	PE	90
CA2.1 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Saber argumentar dun xeito básico a evolución da concepción artística.		
CA2.2 - Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	Distinguir dun xeito básico as funcións da arte.		
CA2.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Respetar as singularidades do feito artístico en relación á súa función dun xeito crítico.		
CA2.4 - Analizar formal, funcional e semanticamente con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	Relacionar a obra co seu contexto e con outras épocas e culturas.		
CA2.6 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar e analizar, aportando un punto de vista propio, as distintas manifestacións artísticas.		
CA3.4 - Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	Relacionar a obra co seu contexto e con outras épocas e culturas.		
CA4.1 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando a súa semellanzas e diferenzas.	Saber argumentar dun xeito básico a evolución da concepción artística.		
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Explicar a importancia da diversidade artística atendendo ó seu contexto.		
CA6.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Analizar, dun xeito receptivo e respectuoso, as singularidades do feito artístico.		
CA1.2 - Expor proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber elixir os contidos e expoñer con criterio un proxecto artístico.		
CA1.6 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Compartir axeitadamente as investigacións sobre as distintas producións artísticas.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.	TI	10
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

## Contidos

- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.
- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.
- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.
- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.
- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.
- Arte conceptual e arte obxecto.
- Introducción á arte precolombina e á arte africana precolonial.
- O retrato escultórico na Roma Antiga.
- O renacer da arte clásico na arquitectura, pintura e escultura: do trecento ao cinquecento.
- A proxección clásica na idade contemporánea: do neoclasicismo á pintura metafísica.
- O Expresionismo alemán. Do fauvismo ao expresionismo figurativo do século XX.
- Do rexeitamento dadaísta á arte intermedia de Fluxus.
- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.
- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.
- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.
- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
2	La representación do coñecemento. A arte clásica e as súas proxeccións.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	Distinguir dun xeito elemental as funcións da arte.	PE	90
CA1.4 - Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	Relacionar a obra co seu contexto e con outras épocas e culturas.		
CA3.1 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Analizar, dun xeito receptivo e respectuoso, as singularidades do feito artístico.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos clave dun movemento artístico.		
CA3.3 - Analizar formal, funcional e semanticamente con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Saber analizar, baseándose nos contidos da materia, as diferentes manifestacións artísticas, utilizando vocabulario específico.		
CA6.2 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Argumentar como evolucionou o feito artístico e os seus significados atendendo ás distintas cultura e épocas.		
CA2.6 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.		
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Explicar a importancia da diversidade artística atendendo ó seu contexto.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.	TI	10
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.</li> <li>- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.</li> <li>- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.</li> <li>- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.</li> <li>- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.</li> <li>- Arte conceptual e arte obxecto.</li> <li>- Sistemas de representación espacial na pintura. Da pintura primitiva á ruptura cubista.</li> <li>- O realismo: conceptos e enfoques. O hiperrealismo.</li> <li>- Introducción á arquitectura e escultura gregas. Ordes. Obras e períodos máis relevantes.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O retrato escultórico na Roma Antiga.</li> <li>- Claves da arquitectura a través das diferentes épocas e estilos: da romanización á Baixa Idade Media.</li> <li>- O renacer da arte clásico na arquitectura, pintura e escultura: do trecento ao cinquecento.</li> <li>- A proxección clásica na idade contemporánea: do neoclasicismo á pintura metafísica.</li> <li>- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.</li> <li>- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.</li> <li>- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Paisaxes interiores. A catarse do sentimento, da cor e da espiritualidade.	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.	PE	90
CA4.1 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando a súa semellanzas e diferenzas.	Saber argumentar, con autonomía, a evolución da concepción artística.		
CA4.2 - Interpretar creacións artísticas de distintos períodos e estilos, analizando a súa forma, o seu significado e o seu contexto de creación e incorporando as ideas, coñecementos, emocións e sentimentos propios.	Interpretar creacións artísticas buscando referencias e influencias en distintos contextos e aportando unha reflexión persoal.		
CA4.3 - Explicar as diferentes posibilidades expresivas da arte e o seu poder de transmisión de ideas, conceptos, sentimentos e emocións a partir de obras de artistas de distintas épocas e estilos, analizando as distintas interpretacións que se deron delas.	Interpretar e explicar o significado e a transmisión de ideas de obras de distintos contextos.		
CA4.4 - Analizar producións artísticas de diversos períodos e estilos vinculándoas creativamente con experiencias vitais propias e alleas e valorándoas como ferramentas potenciadoras da creatividade, a imaxinación, a autoestima e o crecemento persoal.	Relacionar a obra co seu contexto e con outras épocas e culturas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Entender a relación entre obra e contexto e respetar a diversidade artística.		
CA6.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Coñecer as singularidades das distintas manifestacións artísticas e saber explicalas atendendo á súa función.		
CA6.4 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		
CA6.5 - Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica.		
CA1.6 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Ser quen de comunicar as propias conclusións sobre os estilos artísticos estudados e os contextos históricos e sociais que os favoreceron.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.	TI	10
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.</li> <li>- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.</li> <li>- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.</li> <li>- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.</li> <li>- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.</li> <li>- Arte conceptual e arte obxecto.</li> <li>- Sistemas de representación espacial na pintura. Da pintura primitiva á ruptura cubista.</li> <li>- O realismo: conceptos e enfoques. O hiperrealismo.</li> <li>- Tradición e vangarda da arte galega.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O simbolismo: expresión pictórica e literaria. A irmandade prerrafaelita.</li> <li>- A exaltación barroca, achegas á pintura e escultura.</li> <li>- O Romanticismo e a orixe da modernidade.</li> <li>- O Expresionismo alemán. Do fauvismo ao expresionismo figurativo do século XX.</li> <li>- Do rexeitamento dadaísta á arte intermedia de Fluxus.</li> <li>- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.</li> <li>- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.</li> <li>- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Cabeza mecánica, o espírito do noso tempo. A antesala das vangardas e a posterior reacción destas.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Explicar a importancia da diversidade artística atendendo ó seu contexto.	PE	90
CA2.1 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Saber argumentar, con autonomía, a evolución da concepción artística.		
CA4.1 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando a súa semellanzas e diferenzas.	Saber argumentar, con autonomía, a evolución da concepción artística.		
CA4.2 - Interpretar creacións artísticas de distintos períodos e estilos, analizando a súa forma, o seu significado e o seu contexto de creación e incorporando as ideas, coñecementos, emocións e sentimentos propios.	Interpretar creacións artísticas buscando referencias e influencias en distintos contextos e aportando unha reflexión persoal.		
CA4.3 - Explicar as diferentes posibilidades expresivas da arte e o seu poder de transmisión de ideas, conceptos, sentimentos e emocións a partir de obras de artistas de distintas épocas e estilos, analizando as distintas interpretacións que se deron delas.	Explicar as posibilidades da obra de arte como transmisora de ideas nos distintos contextos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.		
CA6.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Coñecer as singularidades das distintas manifestacións artísticas e saber explicalas atendendo á súa función.		
CA6.4 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		
CA6.5 - Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica para poder analizar con criterio as diferentes manifestacións artísticas.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.		
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.</li> <li>- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.</li> <li>- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.</li> <li>- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.</li> <li>- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.</li> <li>- Arte conceptual e arte obxecto.</li> <li>- Sistemas de representación espacial na pintura. Da pintura primitiva á ruptura cubista.</li> <li>- O impresionismo e posimpresionismo pictórico. O inicio da escultura moderna.</li> <li>- O surrealismo. Influencias posteriores na arte, o cinema e a publicidade.</li> <li>- A abstracción pictórica e escultórica: orixes e evolución.</li> <li>- O Expresionismo alemán. Do fauvismo ao expresionismo figurativo do século XX.</li> </ul>

## Contidos

- Do rexeitamento dadaísta á arte intermedia de Fluxus.
- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.
- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.
- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.
- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
5	Novo século, novas concepcións espaciais.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		
CA5.1 - Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	Distinguir dun xeito crítico as funcións da arte ó longo da historia.		
CA5.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función social de forma aberta, crítica e respectuosa.	Coñecer as singularidades das distintas manifestacións artísticas e saber explicalas atendendo á súa función.		
CA5.4 - Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	Relacionar a obra co seu contexto e con outras épocas e culturas.	PE	90
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Entender a relación entre obra e contexto e respetar a diversidade artística.		
CA6.2 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Argumentar como evolucionou o feito artístico e os seus significados atendendo ás distintas cultura e épocas.		
CA6.4 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.5 - Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica para analizar con rigor as diferentes manifestacións artísticas.		
CA5.2 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Compartir axeitadamente as investigacións sobre as distintas producións artísticas.	TI	10
CA5.5 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.		
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.</li> <li>- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.</li> <li>- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.</li> <li>- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.</li> <li>- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.</li> <li>- Arte conceptual e arte obxecto.</li> <li>- O modernismo. Arquitectura e artes aplicadas. A arquitectura orgánica.</li> <li>- A Bauhaus. Arte e función. Deseño e artes aplicadas. O art decó. Arte e artesanía. Laboratorio de formas: Sargadelos.</li> <li>- A arquitectura do vidro e o ferro e o movemento moderno.</li> <li>- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.</li> <li>- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.</li> <li>- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Tantas realidades como puntos de vista. A arte transforma a sociedade. Espazos naturais e urbanos.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	Distinguir dun xeito persoal, baseado nos contidos da materia, as funcións da arte ó longo da historia.	PE	90
CA5.2 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Investigar sobre distintos movementos artísticos e compartir usando distintos medios analóxicos e dixitais.		
CA5.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función social de forma aberta, crítica e respectuosa.	Analizar dun xeito receptivo e crítico as singularidades do feito artístico.		
CA5.4 - Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	Analizar a relación da obra de arte co seu contexto e con outras épocas e culturas.		
CA6.2 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Argumentar como evolucionou o feito artístico e os seus significados atendendo ás distintas cultura e épocas.		
CA6.4 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		
CA6.5 - Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica para poder analizar con criterio as diferentes manifestacións artísticas.	TI	10
CA1.6 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Ser quen de comunicar as propias conclusións sobre os estilos artísticos estudados e os contextos históricos e sociais que os favoreceron.		
CA5.5 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.		
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Entender a relación entre obra e contexto e respetar a diversidade artística.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.		
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.</li> <li>- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.</li> <li>- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.</li> <li>- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.</li> <li>- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.</li> <li>- Arte conceptual e arte obxecto.</li> <li>- A Bauhaus. Arte e función. Deseño e artes aplicadas. O art decó. Arte e artesanía. Laboratorio de formas: Sargadelos.</li> <li>- Arte e medios de comunicación: do cartelismo ao pop art.</li> <li>- A arte en pantalla: a videoarte, arte nas redes, arte dixital. A luz como elemento plástico.</li> <li>- Arte e ecoloxía. Do land art e a arte povera ata os nosos días.</li> <li>- A arte como instrumento de transformación da sociedade. Dos individualismos artísticos á arte colaborativa. Espazos urbanos e intervencións artísticas. Arte urbana.</li> <li>- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.</li> <li>- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.</li> <li>- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.</li> <li>- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Debuxando os soños no papel.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.5 - Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	Comparar desde distintas ópticas, atendendo ó contexto histórico e social, as interpretacións dos distintos movementos artísticos.	PE	90
CA6.1 - Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	Entender a relación entre obra e contexto e respetar a diversidade artística.		
CA6.2 - Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	Argumentar como evolucionou o feito artístico e os seus significados atendendo ás distintas cultura e épocas.		
CA6.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Coñecer as singularidades das distintas manifestacións artísticas e saber explicalas atendendo á súa función.		
CA6.5 - Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	Coñecer a terminoloxía artística básica para poder analizar con criterio as diferentes manifestacións artísticas.		
CA1.2 - Expor proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Recoller nun proxecto ben organizado os conceptos axeitados traballados durante o curso en canto a técnicas, estilos e linguaxes.	TI	10
CA1.6 - Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	Ser quen de comunicar as propias conclusións sobre os estilos artísticos estudados e os contextos históricos e sociais que os favoreceron.		
CA2.3 - Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	Coñecer as singularidades das distintas manifestacións artísticas e saber explicalas atendendo á súa función.		
CA6.4 - Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	Identificar os elementos significativos e definidores dun movemento artístico.		
CA6.6 - Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuindo as tarefas de maneira razoada.	Saber seleccionar os procedementos máis axeitados nun proxecto individual ou colectivo.		
CA6.7 - Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	Saber repartir os roles e as tarefas nun proxecto colectivo materializando as ideas máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos.
- Terminoloxía específica da arte e da arquitectura.
- Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte.
- Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual.
- Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres.
- Arte conceptual e arte obxecto.
- O realismo: conceptos e enfoques. O hiperrealismo.
- O surrealismo. Influencias posteriores na arte, o cinema e a publicidade.
- A abstracción pictórica e escultórica: orixes e evolución.
- Tradición e vangarda da arte galega.
- A arte como instrumento de transformación da sociedade. Dos individualismos artísticos á arte colaborativa. Espazos urbanos e intervencións artísticas. Arte urbana.
- Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte.
- A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.
- Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos.
- Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Fundamentos Artísticos desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado ou logro dous obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. A importancia do desenvolvemento dun novo xeito de aprender a través da investigación propia.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do

emprendemento.

- O deseño de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado adquirir e aplicar as habilidades de análise, innovación, interpretación e defensa das diferentes producións artísticas, tanto propias como alleas. Tamén é preciso o uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

- O desenvolvemento no alumnado do respecto á propia cultura artística e dunha postura respectuosa e aberta ante a pluralidade das diferentes propostas estéticas, de xeito que entenda, desde o recoñecemento da súa propia identidade, a importancia da diversidade como riqueza cultural. A importancia de dar a coñecer ó noso alumnado a obra plástica de mulleres artistas que foron negadas ó longo da historia da arte e facer unha reflexión conxunta deste feito.

- O traballo conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, facendo que o seu grao de importancia sexa relativo á natureza da situación de aprendizaxe. Desta maneira, os obxectivos adquiriranse de xeito interrelacionado, incrementando progresivamente ou seu grao de complexidade. Mediante estas situacións o alumnado terá unha visión máis dinámica tanto das súas aplicacións directas das aprendizaxes adquiridas no mundo laboral e profesional, como da transferencia destas experiencias a outros campos ou disciplinas do saber diferentes. Esta materia está íntimamente relacionada co resto de asignaturas da modalidade e o grado de adquisición destes coñecementos influirá positivamente nas demais. Tamén sucederá o mesmo á inversa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto.
Apuntamentos realizados polo profesorado.
Presentacións multimedia.
Visitas a museos.
Bibliografía artística da biblioteca.
Blogs e páxinas web de Internet sobre arte e especialmente dos museos.

Os museos: son fonte de recursos ilimitados, non só como consulta bibliográfica senón tamén como lugar de obrigada visita na maioría dos casos. Podemos consultar o autor, o movemento, as técnicas, o significado da obra, a data e outras moitas curiosidades que poden servir de base nas nosas presentacións. Tamén os alumnos poden consultalas para preparar os seus proxectos.

Libros de texto: non hai libros de texto que de adapten perfectamente ó currículo galego de Fundamentos artísticos pero poden servir de axuda para aprender a realizar comentarios de texto, para entender cronoloxicamente a sucesión de movementos e correntes artísticas, e son tamén un banco de imaxes moi interesante.

Todas as bibliotecas dispoñen de libros para consultar e que lle poden servir de axuda ó alumnado de Artes para entender determinada obra, artista ou a razón de ser dos movementos artísticos.

Apuntamentos: é a solución ideal para que os alumnos teñan un recurso base do que partir e unha guía da materia. Podemos incluír os contextos históricos, sociais e económicos para situar cada movemento artístico, os diferentes artistas coas súas particularidades e algo da súa traxectoria e tamén os estilos coas súas características. Sería tamén moi enriquecedor incluír imaxes e tamén algún comentario de obras resolto para que lles sirva de exemplo. Aínda non se sabe se esta materia vai ir á nova ABAU, de ser así, era interesante adaptar os apuntamentos para que lle saquen o máximo proveito posible neste exame. É moi traballoso pero tamén moi agradecido xa que podemos ir modificándoos a medida que vaíamos vendo como de funcionais resultan. Podémosllos pasar ós estudantes a través

da aula virtual en formatos que podan eles modificar ó seu gusto.

Presentacións de obras: nunha materia como esta é fundamental contar co apoio de presentacións elaboradas polo profesorado. Podemos ir mellorándoas curso a curso e complementan á teoría e ós contidos da materia. Tamén os alumnos poden elaborar as súas propias presentacións con artistas ou movementos que teñan relación co currículo e expoñelas ós seus compañeiros.

Internet: en xeral, é unha fonte inabarcable de recursos que temos que aprender a discriminar. Non todo o alumnado en bacharelato ten claro "que non todo vale", e que non todo é certo aínda que figure nun blog ou nunha web. Tamén é importante coñecer os dereitos de autoría das imaxes e dos textos, e como proceder con eles. Tamén resulta interesante aprender a compartir ó noso traballo cos compañeiros e con outras persoas que o podan necesitar, a través de Internet, e á súa vez podemos utilizar nós a documentación sobre arte aportada altruistamente por outros.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En Bacharelato é fácil observar de que punto partimos co noso alumnado, se durante as explicacións e as presentacións, imos facendo preguntas ós estudantes. Tamén podemos facer unha proba escrita con preguntas xerais relacionadas coa materia.

A partir de agora Fundamentos artísticos é unha materia que só se vai impartir en 2º de Bacharelato co cal moitos alumnos chegarán a ela sen ter dado nunca contidos similares. O máis parecido pode ser a parte de Historia da arte que se traballa en Historia ou en Cultura Clásica na ESO, que ó ser optativa puideron non cursala. No caso do cambio de modalidade sucede o mesmo, probablemente, o/a alumno/a nunca traballou a maioría dos contidos.

A partir deste curso esta materia ten un carácter global. Isto quere dicir que se traballan nun único curso todos os movementos artísticos desde a Prehistoria ata os nosos días. Polo tanto non é preciso para o alumnado chegar a 2º de Bacharelato con coñecementos previos xa que, por dispoñibilidade horaria e por currículo, vaise impartir dun xeito moi superficial e todos os alumnos poden chegar ó mesmo nivel de coñecemento, sen dificultades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	<b>10</b>

### Criterios de cualificación:

#### PORCENTAXE DE CADA AVALIACIÓN NA CUALIFICACIÓN FINAL

Os contidos da materia de Fundamentos artísticos vanse incrementando a medida que avanza o curso, polo tanto, o interesante é ir dándolle progresivamente máis valor cada trimestre, até chegar ó último que terá un peso significativo da cualificación final. Trátase dunha materia na que se enlazan contidos e se comparan obras de distintos movementos artísticos co cal o último exame do último trimestre abranguería toda a materia. É lóxico entón que esta última avaliación teña máis peso na porcentaxe da cualificación. Propoñemos que a primeira avaliación teña un peso dun 10%, a segunda un 25% e a última un 65%. Tamén é recomendable facer dous exames por trimestre para poder ir subsanando os erros que os estudantes poidan cometer e que non se enfronten só a unha única proba

por avaliación.

Deste xeito, se ó principio de curso o alumnado non entende moi ben a dinámica da materia, e non acada moi bos resultados, pode ir mellorando e chegar a máxima cualificación no último trimestre. Fundamentos artísticos ten unha parte importante de reflexión, de opinión e aportación persoal, de comparación con obras de outros tempos ou outras disciplinas artísticas e de busca de paralelismos coa sociedade actual, e este aspecto resúltalles extremadamente difícil. Cóstalles moito pensar e isto non está nos apuntamentos. En canto traballan esta dinámica empezan a resolvela con eficacia, e melloran considerablemente as cualificacións.

Tamén é beneficioso para os alumnos que os docentes valoremos e avaliemos outras tarefas ademais dos exames. Poden facer libros de artista, traballos de investigación, presentacións audiovisuais con explicacións orais fronte ós/ás compañeiros/as dun xeito individual ou colectivo, versionar algunha obra traballada na clase con calquera técnica, etc. Incluso tamén poden entregar comentarios de texto elaborados por eles durante unha clase, ou comentalo en voz alta, entre todos, para aprender a realízalos cara o exame, xa que non sempre teñen dominada esta práctica. Desta maneira podemos axudalos durante a clase, resolvéndolle dúbidas, e aseguramonos de que son eles os que elaboran.

**PORCENTAXES DAS DISTINTAS PROBAS ESCRITAS OU TÁBOAS DE INDICADORES:**

- Faranse dous exames por avaliación. O primeiro computará o 40% do trimestre. O segundo exame contará o 50%. A estrutura destes seis exames é idéntica á proposta pola CIUG para o exame de ABAU.

-Na primeira avaliación do curso 23/24 o 10% restante será a entrega dun traballo creativo, con calquera técnica e soporte, coa única condición de que mesturen dúas obras traballadas na clase e argumentar a razón da súa elección. Cunha rúbrica a limpeza, execución, orixinalidade, técnica, sustentabilidade e a argumentación da obra elixida.

-Na segunda e terceira avaliación o 10% restante serán candansúas exposicións orais. Formarán un equipo de catro persoas, distinto en cada trimestre, no que van escoller un ou varios artistas ou movementos artísticos traballados na clase e os van comparar con outros artistas ou movementos de calquera disciplina. Argumentarán a razón desta elección. Valorarase cunha rúbrica a claridade expositiva, a orixinalidade nos artistas escollidos, o dominio do tema e o relato así como o nivel das proxeccións dixitais e a riqueza lingüística.

### **Criterios de recuperación:**

Non consideramos necesaria unha recuperación, nin durante os distintos trimestres, nin na avaliación ordinaria. A razón é que é unha materia progresiva da que se van examinando continuamente, repasando o anterior, e non tería sentido facer unha recuperación, despois de seis probas realizadas no curso, dous ou tres días despois do último exame (que xa era global, con toda a materia). O alumno que traballou durante todo o curso non tería problema en superar Fundamentos artísticos durante tres avaliacións de exames e tarefas varias. Aínda así o último trimestre, no que entra toda a materia, xa ten carácter de recuperación pois equivale a un 65% da nota total.

Na avaliación extraordinaria terían que superar un exame no que, de novo, volvería entrar toda a materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na materia de Fundamentos artísticos en 2º de Bacharelato debemos partir da idea de que a aula é un conxunto de diversidades e do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das Unidades Didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Cada curso, como docentes de Fundamentos artísticos, podemos enfrontarnos ó reto de ter alumnos con discapacidade visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras patoloxías. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ó noso sistema educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación

desiguais. Tampouco podemos esquecer ós alumnos de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, debemos partir dunha avaliación inicial para coñecer ó noso alumnado, a continuación as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- A medida máis utilizada en 2º de Bacharelato é a flexibilización nos tempos das probas escritas. Os alumnos diagnosticados poden estar 30 minutos máis para rematar os exames.
- En caso de que un/ha alumno/a non acadase os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE) realizaremos adaptacións de accesibilidade ó currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalescente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.
- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta un recurso crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Dispoñemos de plans de acollida ó alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ó noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ó que lle corresponde por idade.
- No caso de alumnado con necesidades educativas especiais podería optar á prolongación da escolaridade na etapa un ano máis, sempre que se favoreza a integración socioeducativa deste alumnado e lle permita a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.
- En 2º de Bacharelato os alumnos precisan unha constante relación co/a titor/a e co departamento de orientación para estar ó día de prazos de preinscripción e matrícula no caso de querer seguir estudando unha vez rematado o bacharelato ou de non rematalo. Tamén para coñecer a oferta de ciclos medios, superiores, grados ou cambios de modalidade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.						X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.						X	
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.			X	X		X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X			X		X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna, da comunidade ou incluso de calquer punto de España.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc con eventos temporais ou permanentes	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que teñan certo interese no noso alumnado.	X	X	X
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén.	X	X	X
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou de outros..	X	X	X
Visitas a centros de estudos, facultades e escolas de arte.	É moi interesante para os alumnos de bacharelato de Artes poder coñecer os distintos lugares onde proseguir os seus estudos ó curso seguinte e falar e resolver dúbidas cos alumnos e profesores de ditas institucións.	X	X	X

**Observacións:**

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ó longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ó inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Metodoloxía empregada
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: Pechados, dirixidos... / Abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / Facilitan o traballo cooperativo. / Impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: Emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / Baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
(A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.

<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
(M) Motivo ao meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase?: Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / Ler os informes anteriores / Ver os resultados da avaliación / Facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / Facilitánma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou a cada alumno/a a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
<b>Clima de traballo na aula</b>
(M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / Impartindo teoría e explicacións / Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación de Fundamentos artísticos revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados das probas avaliáveis;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## **9. Outros apartados**